



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, APERTURA SOBRE C " DOCUMENTACION PONDERABLE A TRAVES DE XUIZOS DE VALOR"**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Tui, en acto público e ás trece horas do día 10 de setembro 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida polo Alcalde D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón , o secretario acctal. D. José Angel Fernández Rodríguez, o arquitecto municipal D. Javier Antoñon Clemente, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

Pola Secretaría da Mesa procédese a dar lectura dos seguintes antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 20 de Maio de 2013, acordou, entre outros, aprobar o inicio do expediente de contratación de "Servizo de Limpeza de Dependencias Municipais do Concello de Tui", así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a mesma, tratándose dun contrato suxeito a regulación armonizada debido á súa contía.

Publícase anuncio de licitación no Suplemento do Diario Oficial da Unión Europea (DO/S)de 17/07/2013, S137-238256, no Boletín Oficial do Estado nº 177 de 25/07/2013, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 142, de 26 de xullo 2013, así como anuncio no perfil do contratante do Concello de Tui ( [www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)), rematando o prazo de presentación de propostas o 24 de agosto de 2013.

Rematado o prazo de presentación de propostas, preséntanse á licitación as seguintes empresas:

- 1- R.E. 7247- 23/08/2013. Limpiezas, Ajudamientos y Servicios Seralia, S.A, de Valladolid.
2. R.E. 7248 - 23/08/2013. Unión Internacional de Limpieza, S.A., de Valladolid.
3. R.E. 7249 - 23/08/2013. ISS Facility Services, S.A., de Vigo.
- 4.-R.E. 7272 - 24/08/2013. Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L), de Vigo.
- 5.-R.E. 7273 - 24/08/2013. Orballo S.Coop.Ltda., de Tui.

Con data 5 de setembro 2013 procédese á apertura do sobre A, documentación administrativa.

Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

Dada conta dos antecedentes anteriores, A Mesa de Contratación procede , en acto público a apertura do sobre C "DOCUMENTACION PONDERABLE A TRAVES DE XUIZOS DE VALOR".

Procedida á lectura dos aspectos máis indicativos de cada proxecto de servizo presentado por cada unha das empresas que concorren á licitación, a Mesa de Contratación acorda remitir os referidos documentos ó arquitecto municipal e membro desta Mesa para que se emita informe valorativo.

De seguido, as trece horas e trinta e cinco minutos se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón

O ARQUITECTO MUNICIPAL

Asdo: Javier Antoñon Clemente

O SECRETARIO ACCTAL. DO CONCELLO

Asdo: José Angel Fernández Rodríguez.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez.